



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Contratación persoal APROL Rural 2026

EXPEDIENTE: 2026/G003/000184

ANTECEDENTES:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1205.2026 aprobáronse as bases e convocatoria de selección de persoal Rural Activo 2026 para a contratación de 8 traballadores/as a xornada completa durante 9 meses para “acondicionamento en espazos comúns e limpeza de montes de titularidade municipal”.

Celebrouse o proceso selectivo o 20/05/2026, resultando:

“ACTA DE CUALIFICACIÓN DA SELECCIÓN DE OITO PEONS FORESTAIS, APROL RURAL 2026. EXPTE. 2026/E001/000003

SESIÓN 1-2026

Na Nave do Concello no lugar da Cortella, sendo as 10:30 horas do día 20 de maio de 2026, constitúese o tribunal cualificador, coa asistencia dos seguintes membros

Presidenta: María Rosario Cal Dopico

Vogais: Paula Boado Presas , Paula María Medal Martínez, Raquel Montero González

Secretario: Pablo Vara Fiaño

Constituído o tribunal, procédese ao chamamento dos candidatos presentados. Preséntanse en total 8 candidatos, para 8 postos de traballo ofertados.

Celébrase unha proba práctica, na que os aspirantes terán que demostrar o bon manexo da desbrozadora, maquinaria necesaria para desenvolver as tarefas do posto.

Cualifícase de 0 a 10 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 5 puntos para superalo, correspondendo ao tribunal determinar cal é o nivel de coñecementos mínimos necesarios para obter esta puntuación. Sendo aptos para a súa contratación aqueles aspirantes con resultados obtidos por encima de 5 puntos.

A proba de galego consiste nunha proba oral realizada polo tribunal.

As puntuacións obtidas polos aspirantes son as reflectidas na táboa:

NOME E APELIDOS	PROBA PRÁCTICA	CONCURSO	GALEGO
LUIS MIGUEL CARNEIRO SÁNCHEZ	9	0,25	APTO
JOSE ANTONIO BARREIRO FERNÁNDEZ	8,75	0,25	APTO
FRANCISCO JAVIER CARNEIRO SÁNCHEZ	8,50	0,25	APTO
JULIO VEIGA GARCIA	8,50	0	APTO
ENRIQUE JOSE MONTES VARELA	8	0	APTO
SERGIO BARRAL QUINTAN	7,5	0	APTO
SERGIO MARTINEZ SANCHEZ	7	0	APTO
ROBERTO CAO RODRÍGUEZ	7	0	APTO

De conformidade coas bases que rexen esta oposición, o Tribunal propón para os postos de traballo convocados aos aspirantes que superaron as probas e acadaron a maior puntuación:

Primeiro.- Elevar á Alcaldía a relación de aprobados na selección de persoal con cargo ao Programa Fomento do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Emprego no Medio Rural, APROL rural, de acordo coas seguintes puntuacións:

NOME E APELIDOS	PUNTUACIÓN
LUIS MIGUEL CARNEIRO SÁNCHEZ	9,25
JOSE ANTONIO BARREIRO FERNÁNDEZ	9,00
FRANCISCO JAVIER CARNEIRO SÁNCHEZ	8,75
JULIO VEIGA GARCIA	8,50
ENRIQUE JOSE MONTES VARELA	8,00
SERGIO BARRAL QUINTIAN	7,50
SERGIO MARTINEZ SANCHEZ	7,00
ROBERTO CAO RODRÍGUEZ	7,00

Segundo.- Publicar a presente proposta de selección no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica, a efectos de que as persoas interesadas presenten alegacións, se o estiman oportuno.

Terceiro.- Requirir aos candidatos propostos para que no prazo de cinco (5) días naturais contados dende a publicación da proposta no taboleiro, acheguen a documentación que acredite que reúnen os requisitos da convocatoria previstos na base terceira, no caso de non os ter presentado antes."

Emitiuse informe de fiscalización previa da fase D pola Intervención municipal en data 01/06/2026, en sentido favorable.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Declarar a necesidade e urxencia de contratar a oito (8) peóns forestais, para a realización das obras e servizos "ACONDICIONAMENTO EN ESPAZOS COMÚNS E LIMPEZA DE MONTES DE TITULARIDADE MUNICIPAL" durante 9 meses, subvencionada a través do programa "Galicia suma talento: Rural activo, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración servizo de prestación obrigada, en cumprimento do disposto na Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado 2023.

SEGUNDO.- Contratar como peóns forestais, para a realización das obras e servizos "ACONDICIONAMENTO EN ESPAZOS COMÚNS E LIMPEZA DE MONTES DE TITULARIDADE MUNICIPAL" durante un período de 9 meses, ao 100% da xornada, sendo a data de inicio o 1 de xuño de 2026 e a data de finalización o 28 de febreiro de 2027, aos seguintes aspirantes:

NOME E APELIDOS	DNI
LUIS MIGUEL CARNEIRO SÁNCHEZ	***9501**
JOSE ANTONIO BARREIRO FERNÁNDEZ	***0361**
FRANCISCO JAVIER CARNEIRO SÁNCHEZ	***9501**
JULIO VEIGA GARCIA	***7709**
ENRIQUE JOSE MONTES VARELA	***0056**
SERGIO BARRAL QUINTIAN	***1273**
SERGIO MARTINEZ SANCHEZ	***4483**
ROBERTO CAO RODRÍGUEZ	***4361**

O contrato rexerese pola lexislación laboral, sendo a modalidade contrato laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

A xornada laboral será a tempo completo, de luns a sábado, repartidas en horario mañá/tarde segundo necesidades do servizo.

As retribucións brutas (incluída a prorrata das pagas extras) ascenden a 1.424,50 euros mensuais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados e publicala no taboleiro de edictos da sede electrónica municipal.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).